



# Il feira Medieval

Santiago de Compostela 2-3-4-5 de Xullo 2009 Zona Histórica



  
CONCELLO DE  
SANTIAGO



  
Grupo Factoría de Sueños



## ANIMACIÓN MERCADO MEDIEVAL

Propoñemos coa animación deste Mercado Medieval, unha viaxe fantástica, especial, unha viaxe ao pasado, onde diferentes personaxes e modos de vida, moitos xa perdidos no transcurso dos tempos, volven a aparecer ante os nosos ollos reivindicando unha cultura e estilo de vida xa case esquecidas.

No mundo Medieval cabe o humor farsesco de histrións ou a estrambótica familia de Cómicos de Dña. Foruncula de Aquitania, así como mitos, romances e lendas, as aventuras de Dragóns e seres fantásticos, a presenza de representantes da Corte e Xogares, Cómicos, e personaxes tan típicos coma un Cabaleiro e o seu escudeiro, ou miserables pícaros de medio pelo.

Todo isto para intentar que os asistentes ao mercado disfruten dunha visita inesquecible, onde a Festa, a Diversión e a Cultura popular campen ás súas anchas.

## PRIMEIRA XORNADA

### MAÑÁ

- 12:00-12:15 Pregón de inauguración.** No hai festa sen inauguración e sen pregón. Por iso, os comediantes participantes nas xornadas de animación do mercado medieval, dan a benvida aos asistentes por boca da súa máis anciá e estrambótica representante, Doña Forúncula de Aquitania. Así quedará inaugurado o mercado e poderá dar comezo a festa .
- 12:15-12:45 O carro dos cómicos.** A compañía Tragaleguas, a través do seu máximo representante no mundo enteiro, Doña Foruncula de Aquitania, chega ao mercado coa súa hilarante e singular compañía de cómicos nun carro provocando enredos e situacións xocosas, dispostos a sorprendernos co seu amplo repertorio de comedias, cancións e danzas, grandes dramas e paixóns, comedias de enredo, lendas recollidas do saber popular, e un longo sinfín accións para rir. Esta divertida familia fará partícipe ao público dos seus celos, envexas, amores e mofas.
- 13:15-14:00 A hora da comedia.** Os xograres medievais, comediantes doutra época, invítannos a unha viaxe a través do tempo, e conducirllas a lugares misteriosos, envolverlles nunha atmosfera de ensoño a través da escenificación das súas divertidas comedias.

### TARDE

- 18:00-18:45 Pasarrúas da corte.** A corte dáse un baño de multitudes polas rúas do mercado. O rei e a raíña, no seu paseo saudarán ao pobo dende a altura que lles outorgan non só a súa realeza, senón tamén os seus zancos. Pasarrúas plástico, visual, cunha espectacular caracterización de toda a comitiva real en zancos.
- 19:00-20:00 A Picaresca (Romanceiro popular).** Na súa chegada ao mercado, os personaxes provocarán as situacións máis divertidas xamais imaxinadas, transportándonos á época na que a picaresca era un modo de vida, compartirán con todos os presentes unha viaxe a través do tempo, a través dun retablo de divertidos romances, misteriosas lendas e hilarantes farsas.

### NOITE

- 21:30-22:00 O mito da Creación.** Do caos inicial vai xurdindo pouco a pouco a materia, da cal xorde pouco despois o ser humano, que terá que facer fronte aos seus propios creadores para liberarse do seu xugo. Esta loita encarnizada entre homes e deuses acabará colocando a cada un no seu lugar correspondente. Pasarrúas de lume, zancudos, música, baile e pirotecnia no que se evoca unha loita encarnizada entre o home e os deuses.

## SEGUNDA XORNADA

### MAÑÁ

- 12:00-12:45 Pasarrúas do Soño dunha Noite de Verán.** Os seres máis increíbles xamais imaxinados chegan dende o máis profundo do bosque, para sorprenden aos máis pequenos e aos non tan pequenos. Fadas, elfos, trols, magos, magas e demais seres máxicos, cantan e bailan provocando a risa e a diversión alá por onde pasan.
- 13:15-14:00 Contacontos infantil.** Tres personaxes vidos dos bosques escenificarán a increíble historia da fada das emocións, para divertir a pequenos e a non tan pequenos coas súas fantásticas historias.

### TARDE

- 18:00-18:45 Pasarrúas da Corte (As Danzas de Palacio).** A corte dáse un baño de multitudes polas rúas do mercado. O rei e a raína, no seu paseo saudarán ao pobo dende a altura que lles outorgan non só a súa realeza, senón tamén os seus zancos. Pasarrúas plástico, visual, cunha espectacular caracterización de toda a comitiva real en zancos.
- 19:15- 20:00 A boda da Raíña Gualteria.** A raína Gualteria e a súa cortesá saen ataviadas coas súas mellores galas na busca dun belo doncel co que buscar desposorio. O Belo Amadis e o seu fiel escudeiro Gascón chegou ao mercado na busca de fortuna, o encontro destes catro personaxes dará lugar a situacións xocosas e hilarantes no duelo por amor máis grande xamais visto.

### NOITE

- 21:30-22:00 A nave dos tolos.** No horizonte aparece unha balsa que leva séculos á deriva con cinco personaxes que emprenderon unha viaxe ao máis profundo das súas almas e chegan ao mercado en delirante procesión. Cos seus estandartes e capirotos, coas súas antorchas e as súas brancas vestimentas realizarán delirantes accións na súa iluminada e misteriosa procesión.

## TERCEIRA XORNADA

### MAÑÁ

**12:00-12:45 Boxiganga de Cómicos.** A hilarante e singular compañía de cómicos de Doña Foruncula de Aquitania sorprendéranos cos seus enredos, cancións e danzas. Unha posta en escena itinerante onde continuamente se representan accións teatrais cheas de humor.

**13:15-14:00 Pasos e entremeses.** A ilustre compañía de cómicos de Aquitania. Presentarannos aos personaxes máis significativos e divertidos dos seus entremeses, para facernos rir e disfrutar coas súas famosas comedias.

### TARDE

**18:00-18:45 Pasarrúas da Corte.** A corte medieval dáse un baño de multitudes polas rúas do mercado. O rei e a raíña, acompañados do seu fiel e divertido bufón, saudarán ao pobo. Os soberanos visten as súas mellores galas para mesturarse e interactuar cos asistentes ao mercado.

**19:15- 20:00 Mester de Xograría.** Como o seu propio nome indica, os xogres medievais, comediantes doutra época, eran auténticos mestres no seu oficio, o de actuar e entreter ao público. Nesta ocasión, invitar a todos os presentes a unha viaxe a través do tempo, envolvelos nunha atmosfera de ensoño a través da escenificación do seu repertorio de comedias, grandes dramas e pasiones, comedias de enredo, misteriosas lendas recogidas do saber popular, cancións e danzas e divertidos romances.

### NOITE

**21:00-21:40 O Carro dos Desheredados.** Espectáculo teatral itinerante. unha alcaiota, un cego visionario, un bufón aloucado, unha muller de mala vida e unha bastarda están asexados pola morte. Na seu duro peregrinaxe farannos partícipes das súas desventuras, transmitirannos as súas cantigas funestas, a súa vida apesurada e marxinal da sociedade, son a peste da que todo o mundo foxe.

## **TRAGALEGUAS TEATRO**

Tras máis de dez anos de experiencia na animación de mercados temáticos, tendo participado nos máis importantes mercados do país, así como en Portugal e Francia, partindo sempre da idea de **teatralizar a animación** e traballando cun grupo de profesionais de recoñecido prestixio no ámbito teatral e de animación, o noso obxectivo consiste en ofrecer unha visión o máis **amena, divertida, colorista e espectacular** posible das diferentes épocas históricas o dos diferentes temas que se desenvolven na animación dun mercado temático.



**IMAXES TRAGALEGUAS**



